

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 206 - Instalacións electrotécnicas
Tribunal: 1

Crterios de Avaliación e Actuación do Tribunal N°1 Primeira Proba

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TRIBUNAL 1 - PRIMEIRA PROBA

A listaxe do persoal aspirante asignado a este tribunal pode consultarse na páxina web www.edu.xunta.gal/oposicions.

PRIMEIRA PROBA (Quendas L, D)

Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade docente.

PRIMEIRA PROBA PARTE A (60%)

Proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios por escrito (3 horas).

A proba práctica terá dúas (2) opcións das que as persoas aspirantes terán que escoller unha.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identifica o problema ou suposto práctico e plantexa adecuadamente a súa resolución.

Resolve os exercicios de xeito correcto e xustificado, demostrando os coñecementos específicos, técnicos e científicos actualizados.

Estrutura os exercicios de xeito que facilita a comprensión e indica de xeito claro a orixe do resultado.

Exactitude nos cálculos e resultado final correcto dos exercicios propostos.

Fai referencia a regulamentación vixente cando se precisa e representa os elementos de xeito normalizado.

Utiliza adecuadamente os conceptos e terminoloxía técnica e expresase con corrección gramatical e ortográfica.

PRIMEIRA PROBA PARTE B (40%)

Desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante de entre cinco temas do temario oficial, extraídos ao chou polo tribunal (2 horas).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Estructura o tema de forma que facilita a comprensión, trata todos os apartados e axústase os contidos do mesmo.

Desenvolve cun nivel de profundidade axeitado os coñecementos específicos, técnicos e científicos actualizados de todos os apartados do tema elixido, e cita as fontes, os recursos bibliográficos e lexislativos, de ser o caso.

Desenvolve o tema con claridade na exposición dos conceptos, cunha correcta organización dos contidos, con lexibilidade e corrección gramatical e ortográfica.

Fíxose a lectura do tema fluída e áxil, como resultado dunhas expresións escrita e oral correctas. Utiliza esquemas, gráficos, tablas etc. para aclarar algúns aspectos do tema. Introduce elementos de actualidade ou innovadores.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN PARA A PRIMEIRA PARTE DA PRIMEIRA PROBA (PARTE A)

As 10.30h o persoal opositor accederá directamente ás aulas 11, 12, 13 e 14 sen chamamento previo do tribunal.

Os tribunais identificarán ao persoal opositor unha vez sentado na aula.

As persoas aspirantes non poderán saír da aula ata transcorridos os primeiros vinte (20) minutos do comezo da proba, non podendo abandonar tampouco a aula nos últimos 10 minutos.

Unha vez finalizado o exercicio, e coa finalidade de evitar aglomeracións, a saída de persoas aspirantes farase de forma gradual. Polo tanto, non se permitirá a ningunha persoa opositora abandonar a aula ata que se lle indique.

A duración da proba será de tres horas (3) horas.

As probas poderán realizarse en galego ou castelán

As persoas aspirantes anotarán no apartado deseñado ao efecto nas follas de resposta a opción elixida das dúas propostas.

Para a entrega do exame deberá avisar a un membro do tribunal e agardar no seu posto ata que se lle recolla o exame.

A proba será introducida nun sobre que será pechado e asinado no seu peche. As persoas candidatas identificarán o sobre co seu nome e apelidos e DNI e a opción elixida.

Prohíbese o consumo de alimentos así como a súa manipulación nos espazos non habilitados ao seu efecto. Non obstante, as persoas opositoras poderán dispoñer dunha botella de auga durante a realización das probas.

Deberáse cumprir co establecido no ¿Protocolo de adaptación á nova situación orixinada pola Covid-19 para a celebración dos procesos selectivos de educación¿, e que se pode consultar no seguinte enlace:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/asinado_protocolo_oposicions.pdf

CRITERIOS DE ACTUACIÓN PARA A SEGUNDA PARTE DA PRIMEIRA PROBA (PARTE B)

As 17.30h o persoal opositor accederá directamente ás aulas 11, 12, 13 e 14 sen chamamento previo do tribunal.

Os tribunais identificarán ao persoal opositor unha vez sentado na aula.

As persoas aspirantes non poderán saír da aula ata transcorridos os primeiros 20 minutos do seu inicio, non podendo abandonar tampouco a aula nos últimos 10 minutos.

Unha vez finalizado o exercicio, e coa finalidade de evitar aglomeracións, a saída de persoas aspirantes farase de forma gradual. Polo tanto, non se permitirá a ningunha persoa opositora abandonar a aula ata que se lle indique.

A duración da proba será de dúas (2) horas.

As probas poderán realizarse en galego ou castelán

As persoas aspirantes anotarán no apartado deseñado ao efecto nas follas de resposta o número do tema elixido.

Para a entrega do exame deberá avisar a un membro do tribunal e agardar no seu posto ata que se lle recolla o exame.

A proba será introducida nun sobre que será pechado e asinado no seu peche. As persoas candidatas identificarán o sobre co seu nome e apelidos, DNI e tema elixido.

Prohíbese o consumo de alimentos así como a súa manipulación nos espazos non habilitados ao seu efecto. Non obstante, as persoas opositoras poderán dispoñer dunha botella de auga durante a realización das probas.